

*Orde do 25 de febreiro de 2009 pola que se resolve o concurso público de cinco bolsas de colaboración en diversos proxectos de museísmo pedagóxico, que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega).*

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 28 de novembro de 2008, DOG nº 236 do 4 de decembro, apróbanse as bases que rexerán o concurso público de cinco bolsas de colaboración en diversos proxectos de museísmo pedagóxico, que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), e se anuncia a súa convocatoria.

Baremadas pola comisión de valoración as solicitudes admitidas e puntuadas as entrevistas cos pre-seleccionados, segundo prevé a base sétima da convocatoria, esta comisión acordou a súa proposta de adjudicación e de suplentes para resolver a convocatoria de referencia.

En consecuencia, esta consellería

#### **RESOLVE:**

Primeiro.-Conceder as axudas para cinco bolsas de colaboración en diversos proxectos de museísmo pedagóxico que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), ás persoas que se relacionan no anexo I, polo período que medie entre a data da súa incorporación e o 31 de decembro de 2009, que poderanse prorrogar anualmente ata un máximo total, incluídas as prórrogas, de tres anos, á vista do traballo realizado polo/a bolseiro/a, sempre que o proxecto ao cal estea vinculado requira do seu labor e así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

Segundo.-Establecer unha lista de suplentes para efectos de posibles renuncias, constituída polas persoas que se relacionan no anexo II por orde decendente de prioridade

Terceiro.-Unha vez recibidas as notificacións de concesión das bolsas polos/as beneficiarios/as, estes/as dispoñen dun prazo de cinco días naturais para asinar un documento de aceptación da bolsa. Do mesmo xeito, e desde a notificación da concesión, disporán dun prazo de dez días naturais para a súa incorporación ao Mupega.

Se transcorrido os devanditos prazos non se produxe a súa aceptación ou a súa incorporación, entenderase como renuncia á bolsa, salvo causa xustificada de atraso apreciada polo coordinador científico do Mupega.

Cuarto.-A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria do 28 de novembro de 2008, suporá a perda do dereito a percibir a subvención correspondente.

Quinto.-As subvencións faranse efectivas aos beneficiarios por mensualidades vencidas, logo de presentar un informe do coordinador científico do Mupega.

Antes do último pagamento deberán presentar ademais declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos entes ou sociedades.

Sexto.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### **ANEXO I**

Nome e apelidos	Tipo de bolsa
María Julia Diz López	Proxecto: Sociedades de instrución e escolas emigrantes
Lucía Casal de la Fuente	Proxecto: Da Lei Villar Palasí á actualidade
Eva Vieites Salmonte	Proxecto: Posta en valor do patrimonio histórico educativo
Saleta González Carnero	Proxecto: Posta en valor do patrimonio histórico educativo
Rocío Botana Iglesias	Proxecto: Posta en valor do patrimonio histórico educativo

#### **ANEXO II**

Nome e apelidos	Tipo de bolsa
Lucía Rega Castro	Proxecto: Sociedades de instrución e escolas emigrantes Proxecto: Da Lei Villar Palasí á actualidade
Mónica Álvarez Pérez	Proxecto: Sociedades de instrución e escolas emigrantes Proxecto: Da Lei Villar Palasí á actualidade
Noelia Roel Barbeito	Proxecto: Sociedades de instrución e escolas emigrantes Proxecto: Da Lei Villar Palasí á actualidade
Estefanía Álvarez Pérez	Proxecto: Sociedades de instrución e escolas emigrantes Proxecto: Da Lei Villar Palasí á actualidade
Lucía María Antelo Amigo	Proxecto: Sociedades de instrución e escolas emigrantes Proxecto: Da Lei Villar Palasí á actualidade
Alejandro Arce Méndez	Proxecto: Posta en valor do patrimonio histórico educativo
Cristina Moreiro da Costa	Proxecto: Posta en valor do patrimonio histórico educativo
Lucía Quindimil García	Proxecto: Posta en valor do patrimonio histórico educativo
Pilar Monroy Fernández	Proxecto: Posta en valor do patrimonio histórico educativo
Sira Aurora González Rodríguez	Proxecto: Posta en valor do patrimonio histórico educativo